

PROTOCOLO HIXIÉNICO-SANITARIO **DOS CENTROS DE OCIO**

Medidas para as monitoras

- Miraremos a temperatura diariamente ao entrar.
- Uso de máscaras.
- Uso de roupa e calzado específico para o centro.
- Lavado de mans frecuente

Medidas para os nenos e nenas

- Uso de roupa e calcetíns específicos para o centro (cada neno/nena deberá traer a súa mochila cunha muda que gardaremos na zona de recepción).
- Uso de máscaras obrigatorio para nenos e nenas de 6 anos en diante.
- Medición da temperatura diariamente ao entrar.
- Lavado de mans cada hora (tomaremos como rutina o lavado de mans cada hora, teremos un espertador na entrada no baño que nos avisará da hora do lavado).
- Cada neno e nena deberá traer a súa botella de auga.
- Nenos e nenas que usen chupete deberán usalo con suxeitachupetes.

Medidas para as familias

- Só poderán entrar no centro un/unha acompañante por neno/nena, que permanecerá na zona sinalizada é o mínimo de tempo posible.
- Uso de máscara obrigatorio.
- Firma da declaración responsable emitida polo centro.
- Non se poderán deixar bicicletas, patins, etc. no interior, usaremos o aparcabici que hai no exterior.
- Unicamente se poderán deixar os carriños dos nenos/nenas dentro do centro, na zona delimitada, para aqueles que precisen descansar.
- Deberán de informarnos da hora de recollida do neno/nena para poder ter preparada a súa saída.
- Se veñen exclusivamente a unha actividade, deberán chegar 15 minutos antes e saírán 15 minutos despois do remate da mesma, para a súa preparación.

Medidas para o centro

- Desinfección e limpeza dúas veces por día do espazo e materiais.
- Zona de recepción delimitada.
- Uso de renovación de aire e ventilación cada hora (non se usará o aire acondicionado).
- No baño, usaremos toallíñas de papel para o secado de mans.
- A zona de cambio de cueiros será desinfectada despois de cada cambio.
- Eliminaremos obxectos textís e de difícil desinfección indicadas no DOGA 128-bis do 30 de xuño.

Medidas para os aniversarios

- Manteremos a distancia de seguridade intrapersonal.
- A cada neno e nena poñerase no prato a merenda elixida.
- Eliminaremos a elaboración da tarta e non soprarán as candeas na mesma, para evitar a posible propagación.
- Pola seguridade dos nenos e nenas eliminaremos a actividade de pintacaras.
- Lavado da vaixela no lavalouzas a temperatura máxima.
- Tanto na recepción como na saída as familias permanecerán fóra do centro.

Medidas para as actividades

- Daremos prioridade as actividades lúdicas que refusen o contacto físico.
- Intentaremos manter todo o tempo a distancia de seguridade interpersonal.
- Uso individual do material.